

Patrimonio inmaterial

- [Contos de Mouras.](#)
- [Cousas do Demo.](#)
- [Relatos de naufraxios.](#)
- [Lendas e Fontes.](#)
- [Memorias da Guerra](#)
- [A Toponimia](#)

Historia imaxinada: Mouras de lenda.

A COVA DA MOURA de Morade.

Sta. Cristina da Ramallosa, Sabarís, Baiona.

"Cóntase que antigamente nela habitaba unha muller moura. Esa moura, describíana como metade muller metade serpe, porque a parte superior da cova ten como se fora un asento e diante ten un rego onde se dí repousaba o rabo. Dín que saía polas noites a pastar as ovellas para que ninguén as mirase."

Recollido por Paula Misa, Carmen Vilar, Paula Silva.

Traballo escolar IES "Primeiro de Marzo", 4º ESO 2004-2005.

"Cova da Moura. É en Santa Cristina, no monte de Morade; entendes.

Era unha muller, traballaba alí. Tiña un bando de ovellas. Íba a traballar p'alí; ás veces traballaba, outras veces non traballaba, cuidaba nas ovellas. Tiña un feixe d'ovellas. Había veces, alghna morría.

Cando morría aquela, como no monte andaban muitas ovellas, pois cando lle paresía a ela, íba roubar unha ou dúas, e puñas no sitio da que lle morrera antes. Íba máis p'adiante, tiña aquel bando. Íba máis p'adiante, ¿que lle morría outra? pois agharraba, íba todo polo monte, traería outra, unha ou dúas, e ela íba tendo sempre rebaño. Nunca se lle desfasía o rebaño.

Porque morrían unhas, ela buscaba outras. Algho tiña que buscar."

Ref. Carmen, 76 anos, de Morade, Sta. Cristina da Ramallosa, Baiona.

Recollido por Fernández González. Traballo escolar IES "Primeiro de Marzo", 3º ESO
2005-2006.

A COVA DA MOURA da Boca da Groba.

A Granxa, Belesar, Baíña, Baiona.

"A Cova da Moura. Na tarde do día 10 de outubro do 1977 tía Felisa do Pito (que Deus Haia) de 93 anos, falounos como segue das súas lembranzas de neniña.

- Na regueira que ven a seguir de Campo de Lobo, case no alto, esta Cova da Moura, que é unha mina que baixa moi fonda, aínda que ninguén baixou máis de cinco ou seis chanzos da escaleira labrada na propia mina, pois é moi escura e óese respirar no fondo. Cando eramos nenos levabamos as ovellas e brincabamos na porta da mina e dicíamos:

«Moura Mouriña,
déanos da súa riqueza,
que non lle daremos,
súa pobreza».

Mentres dicían os versos, baixábase e subíase polos chanzos, os máis valentes chegaban ata o 5º. Logo, un dos que andaban fóra da mina dicía:

«Moura Mouriña,
atracade ese ladrón,
que che rouba un tizón».

Preto da cova hai unha fonte, A Fonte d'Ouro, na que as mouras e mailos mouros lavaban as súas moedas de ouro. Os veciños da Burgueira esculcaban ós Mouros cando saían da cova, a andar arredor dos penedos."

Facilitado por Manola Conde Cid, profesora en Baiona.

[ir ó inicio](#)

A Lenda do Cazador.

Cova da Moura, Serra da Groba, A Granxa, Belesar, Baiona.

"Esta lenda que me contaron fai xa moito tempo por unha vella do lugar, ocorreu no barrio da Granxa, parroquia de Belesar.

A Granxa está situada baixo o monte da Groba, vella posesión que foi propiedade do Mosteiro de santa María de Oia. Os frades deste convento tiñan como gardián do monte a un veciño da Granxa coñecido co alcume de «O Cazador», que era afeccionado á caza. Este home estivera na súa xuventude ó servizo dun ciruxano de Tui e, con tal motivo, coñecía como podían emplearse moitas herbas para preveñir enfermidades. O Cazador, tamén tiña a obriga de coidar da capela que construíran os veciños na aba do monte dedicada a San Xoan Bautista. Sempre a tiña limpa e nunca deixou que a lámpada que estaba fronte ó altar deixase de alumear.

Sucedeu que un veciño, rico labrego, chamado «O Caravel» tiña un único fillo, mozo amigo de festas e trouladas, que un día foi a romaría de San Pedro á Ramallosa. Alí orixinouse unha violenta discusión entre os mozos de varias parroquias, que dexenerou en liorta, resultando o fillo do Caravel gravemente ferido, tendo que levalo a súa casa nun carro. O pai chamou ó ciruxano de Baiona, quen o viu e revisou, recetándolle sangrías, cataplasmas e outras cousas, pois o mozo recibira feridas graves na cabeza e non recobrou o sentido. Pasaron varios días e o ferido seguía no mesmo estado. Entón O Caravel chamou ó Cazador, quen ao ver ó mozo puxo xa mala cara. Sacou as vendas que colocara ó ciruxano e díxolle ao pai que era un caso perdido, pero que el ía facer canto estivese na súa man e que só Deus podería salvarlo. O Cazador aplicoulle ó mozo moitos remedios naturais que de nada lle serviron, pois enseguida morreu.

O caso foi que un veciño do lugar, envexoso e ruín, díxo ó Caravel que o infeliz Cazador matara ao seu fillo por aplicarlle mal os remedios.

O Caravel creuno e xurou que o mataría. Maquinou a mellor maneira de facelo sen que nadie lle puidese botar a culpa, pois o cazador era unha persoa moi querida no lugar. Entón ideou un plan: levou unha cabra á Cova da Moura, situada no monte da Groba, que era moi profunda e según a lenda estaba habitada por unha muller misteriosa, chamada Moura, que ás veces aparecíase ás mozas e obsequiábasas con moedas de ouro. Ninguén baixara nunca polas pedras medio rotas que semellaban unha vella escaleira que baixaba ó fondo da cova. Esta escaleira tiña algún chanzo desprendido, que non se vía con tanta silva.

O Caravel colocou a pouca profundidade á cabra coxa, de tal xeito que o animal non podía subir só. Entón díxolle ó Cazador que para sacar a cabra o mellor era utilizar unha corda forte ó redor do corpo do cazador, e que el, O Caravel, como máis resistente podería baixalo e logo subilo coa cabra. O Cazador deixouse atar e cando chegou preto do animal, O Caravel cortou a corda cun coitelo, caendo nas profundidades da cova o infeliz Cazador coa cabra.

Pasados uns días, un soldado do castelo de Baiona [Monte Real en Monte Boi] viu no oco dunha paterna que asomaba un corpo humano. Chamou á garda e sacaron o corpo dun home sen sentido. Cando este se repuxo dixo quen era e confesou o sucedido. Era O Cazador.

Ninguén o creu cando dixo que ao caer fora axudado por unha fermosa muller, quen lle indicou o camiño que había seguir para liberarse. Por moito que repetíu a súa aventura creron que era un espía portugués pero, tanto insistíu que non tiveron máis remedio que prender ao Caravel, que confesou o seu delito. Entón a xustiza confiscou os seus bens e condenouno a galeras. As autoridades do castelo trataron de investigar onde estaba a saída que utilizara O Cazador pero, por moito que se investigou, non se atopou nada.

O Cazador voltou a súa casa da Granxa e de alí foi ó Mosteiro de Oia, deixando os seus bens a un veciño e indo traballar cos frades como xardiñeiro. Os frades quedaron sen garda nos montes da Groba e acordaron donalo en propiedade aos veciños da Granxa, pódolles como foro a cantidade anual de catrocentos reais de vellón. Tódolos anos no mes de marzo, un veciño da Granxa, o que chamaban Cabezaleiro, entregaba ó Abade do Mosteiro o foro, como representante da comunidade. Ata que en tempos de Isabel II, coa desamortización, venderon o foro co que os frades grabaran ao monte da Groba. Nesa época era o Cabezaleiro o veciño da Granxa D. Manuel Rodríguez de la Lomba, quen o mercou mediante escritura pública na delegación de facenda de Pontevedra a mediados do século pasado."

Facilitado por Manola Conde Cid, profesora en Baiona.

[ir ó inicio](#)

Cousas do Demo.

O Demo Burlón

“Unha ves, tínhamos nós unha toura. Era do país. E viñamos, viña teu abuelo pola Xogho dos Bolos p’arriba. Xa era de noite e no Xogho dos Bolos mesmo, viña el e máis Quilino, en Xogo dos Bolos mesmo dí teu abuelo:

- ¡Ai, mira é a nosa toura!

- ¡Pois é a nosa toura!

- Pois é. É ighual é a mesma color, é a nosa toura, esa toura debeulle salir da corte, d’arriba donde estaba, e escapar. Bueno, vaime.

Quixo vir a botala p’arriba, p’a traela pra casa e dille Quilino.

- Dioi, dioi. No te metas, no te metas Manoliño, non te metas que é o Demo Burlón, ese é o Demo Burlón.

E presináronse os dous, disque alí no Xogho dos Bolos e entón coa mesma, o presirárense eles, disque vai a toura aquela colle dereito alá o Eido Vello, alí desapareceu pero disque fasía, cos pés, coas patas que fasía lume na pedra. Na Pedra dos Bolos que hai, non era esa, era outra pero bueno, na Pedra dos Bolos que fasía lume coas patas dela a escapar. E dalí, desapareceu. Cando chegha despois a casa o finado, teu abuelo, dise:

- A toura?

- Tédela aí.

- ¡Sii... ¿como vai estar a toura?

- A toura está aí.

Pois foi mirar. A toura estaba, estaba na corte, estaba.

Aquela era O Demo Burlón en ighura de toura.

Doutra ves, o finado de teu abuelo tamén. Ven ser o teu abuelo, xa non era, bueno; era teu abuelo, si. Foron ó monte, iba el e máis outro e toparon un cañoto no monte, un cacho dun pau, e dís:

- Ah! pois vou levalo, que é un cacho dun pau -daquela a leña andaba escasa- e levo este pau pra casa.

Vai. Disque lle pesaba. Disque de cada ves que lle pesaba máis. De cada vés que lle pesaba máis. Cheghou a casa, ó lughar, e que foi:

- Pois aghora tírote.

Home, tiña que tiralo. Tira con el...

- E quedas aí.

Pero o cañoto, conforme o tirou do lombo, marchou así a tombos, rodando, rodando... un trozo do sitio marchou rodando a tombos.

E díxollo finado:

- Bueno, vai rodando que pra fóra non has de sair. D'aí non has de marchar.

E no outro día. Vai mirar o pau pra quitalo d'alí de onde o tirara e levalo pra outro lado ¿O pau? ¿Onde estaba o pau? O pau non apareceu.

Que era; O Demo Burlón en ighura de pau.

Ese foi o finado de tío Vicente, O Reghaña, vivía ala embaixo onde estaba a fábrica das gaseosas. Ese viña do mar, era mariñeiro. E viña do mar e disque viña as dúas da mañán, e ó chegar disque alí, a un certo sitio pola carretera p'adiante, mirou un carneiro. E dise el:

- ¡Anda, mira un carneiro. Pois voucho levar! Porque destas horas, este carneiro por aí debe estar destraviado. Pois vou levalo.

Pois foi el, el era un home pequeno, e arrímase ó carneiro.

- Toma-toma, toma-toma, toma-toma.

E o carneiro viu a xunta del. Vai el, colle o carneiro ó lombo, chega á casa, aí ó Regheiro, pon o carneiro no chan e dixo el:

- Aghora teño que prendelo pois se non marcha.

Púxoo alí. Colle e vai adentro da casa. Colle unha corda e prendeu o carneiro e atouno nunha ameixeira, ou nunha maseira, nun frutal, atouno alí hasta o outro día. No outro día, iba recoller o carneiro p'a darlle de comer, ou ghardalo millor ou mais nada. Vai alí, nin había carneiro, nin había corda. Non hai nada.

Que era; O Demo Burlón en figura de carneiro.

Viña da fábrica de traballar, e o millor hasta a unha da mañán, ou hasta as dúas das mañán, dependía. E viña por ahí pola, polo Tourixal p'arriba, todo pola debaixo da Boteira e pola Regha p'arriba, e o chegar, na Regha mesmo, ó querer empesar a subir a costa así da Regha, frente ó Xogho dos Bolos, alí aparés un, un can ghrande, blanco. Eu tiña, un pouco de repeto! E, i-eu arrimábame p'aquí, i-el arrimaba p'alí. Eu arrimábame p'aquí, el arrimábase p'alí. Dáballe unha patada así, dábaslle unha patada era como si deras unha patada nun can, ou nun gható; era así. Pero cambiábaseche máis p'arriba, andabas ó mellor uns pasos así p'arriba. Dicías ti:

- Bueno, xa non o miro.

Andabas uns pasos máis p'arriba... aí o tiñas outra ves. Tiñas aquel can... Ó mellor, aghora é moi ghrande, logho era pequerricho ou logho, fasíase xa de burro. Porque paresía así mesmo. Eu, despois ó chegar ó portal que hoxe é do dentista, que había loureiros tamén alí, alí desapareceu. Xa non o mirei máis, desapareceu. Disía:

- A que te leva. ¡Te parta un raio!

Non o mirei máis, desapareceu, porque iso aparece de calquer forma ¡eh!. Aparese de can, aparece... unha ves A Condesa, a abuela dese que falamos a mediodía, aí nese pinar, donde teñen agora a Caseta dos Bolos, era un pinal pequeno. E A Condesa viña pr'aquí, que viña esperar a Xelma que viña da escala de noite ela, e eu, e víñamos da escola de noite e alí, ó chegar ela alí, había un burro, disque un burro blanco, pero deses fariñoques, deses pequenos. Deitábase: estaba coas pernas p'arriba. E disía ela:

- ¡Dá a volta, raio, dá a volta!

Por púñase así, quiría dar a volta p'outro lado, pero non podía. E disíalle ela:

- ¡Dá a volta, raio, dá a volta!

E íba, así, púñase outra ves, máis así. Pero coas pernas p'arriba. E disía ela:

-¡Malo raio te parta, pois dá a volta, ho, non ghañas a sebada! ¡Dá a volta, se non non ghañas a sebada!

E cando lle paresía a el daba a volta, levantábase... ¡aí o vai! O Demo Burlón.

E despois cheghaba entonses aquí contábao. Acórdome despois de noite ¡bueno, home! aínda nos ríamos con iso porque contábao.”

Ref. Carmen, 76 anos, de Morade, Sta. Cristina da Ramallosa, Baiona.

Rec. por Fernando González. Traballo escolar IES “Primeiro de Marzo”, 3º ESO 2005-2006.

[ir ó inicio](#)

Relatos de naufraxios.

Baiona, a real, é tamén terra mariñeira. No seu cementerio descansan os corpos de moitos que traballaron o mar e dalgúns que nel morreron. Algúns de lonxanas terras que viñeron afundir no mar dos Farallóns, no mar de fóra das estelas, na Porta Grande da nosa Baía, ou nas avesas rochas do Cabo Silleiro.

Na entrada ó camposanto, á esquerda, unha roda de timón e unha cadea sostida por seis lemes, sinalan a lousa que cubre os restos dos naufragos do vapor noruegués "Aslaug", os 20 homes que compuñan aquela tripulación que afundiou o 11 de Decembro do 1929 con 10.000 fardeis de bacallao nos baixios das Serralleiras da restinga dos Farallóns das Estelas, ben preto de onde, o 8 de Setembro dese mesmo ano, afundira o Highland Pride

Pouco mais adiante, adosadas ó muro do camposanto, catro cruces lembran o afundimento do "Thalassa", iate estadounidense con 18 tripulantes dos que so sobreviviu unha pequena de 10 anos de idade.

Os relatos de naufraxios cubren dende as circunstancias que provocaron o accidente, ó rescate de vítimas, o achádego de cadavres no mar ou en terra, orecollida na mar ou na costa das mercadorias e mesmo as distintas sensacións que aquelas circunstancias provocaban, o cheiro a xabron de sales nas rúas do pobo despois da xente botarse ás

rochas de Silleiro para recoller esta mercadoría dun de tantos naufraxios, a anguria dun mariñeiro toda a noite agarrado a unha rocha por fóra das estelas no balbordo da rompente, o rescate dun touro de lidia aboiando entre as Cies e as Estelas...

E todo un mar de lendas que durme baixo as ondas.

[ir ó inicio](#)

Lendas e Fontes.

Onde hoxe está a aldea de S. Cosme, houbo un cenobio ou eremitorio en honra de S. Cosme e S. Damian. Calcúlase a súa fundación a fins do século XI . G. Argariz cré que o fundaron monxes de vida eremítica dispersos fuxindo do mouro Almanzor.

No século XII, Alfonso VI doa ó mosteiro Erizana (Baiona) e “Varedo”; cando a fusión co Mosteiro de Oia, Alfonso VI asigna a este os bens de S. Cosme, integrándose no cenobio de Oia os monxes de S. Cosme, onde fica un prior para cobra-las rendas, administra-los dereitos do mosteiro, misar...

O último vestixio do antigo convento, unha ermida adicada a S. Cosme e S. Damián foi demolida en 1785, pois que os monxes dicían que no seu adro realizábanse “prácticas licenciosas” cando a romaría dos santos.

Ó final S. Cosme era unha granxa como tantas que os frades adoitaban ter.

Suponse que coa desamortización, as herdades do mosteiro pasaron a mans do pobo.

En S. Cosme está a Fonte Santa. Os romeiros tomaban desa auga milagreira.



Fonte Santa

Na fonte facíase a fogueira de S. Xoan, e levábase a ela ós nenos, pois con “certos ritos”, estes curaban de distintos males. Din que as mulleres que desexaban ter fillos bañábanse nas súas augas na noite de San Xoan ou acudían alí para face-lo amor coas suas parellas nesa data sinalada.

[ir ó inicio](#)

Memorias da Guerra.

- Cando a guerra civil, unha manda de falanxistas levou a dez simpatizantes e militantes da C.N.T. e da U.G.T, pola carretera de Baiona a A Garda e os tiroteou, e os tirou polo acantilado ás rochas da beira do mar ; dándoospor mortos, fóronse. Unha das vítimas estaba só ferido, e fuxiu. Dentón chámasele ó lugar A Volta dos Nove. Daquela comezaron a aparecer debuxadas na terra da beira da carretera nove cruces. A Guardia Civil borrábaas,e, anque velaran, as cruces voltaban a aparecer. Cando se ampliou a carretera, que suavizou a volta, as cruces apareceron mais ou menos no mesmo lugar ; se a choiva as desfecía, volvían a aparecer. Un día apareceron, na beira oposta da carretera, pintadas a esprai vermello na rocha as nove cruces que se ven detrás da moza. A vintemperie vainas esvaindo ; pronto voltarán a ser pintadas.



O antigo deseño, debuxado no pó era así :



Unha risca horizontal con nove trazos perpendiculares feitos cun dedo sobre a area. Por veces acompañada por caraveis.

- Na parroquia de Baiña, outra manda da mesma caste, matou uns homes nun cruce de camiños da Carneira, entre altos valados. A xente dí que durante moito tempo, ó chover, formábase no lugar un gran charco de sangue polos mortos que alí mataron.
- Ninguén lembra o sitio exacto.
- (No ano 2003 o Instituto Primeiro de Marzo foi galardoado cun Premio á Innovación Educativa polo traballo realizado polo alumnado de ensino secundario, sobre a recuperación da memoria da Guerra Civil e o Franquismo baixo a coordinación da profesora Puri Perez Leirós, e no que interviron persoas do pobo que viviran a confrontación en bandos contrarios aportando as suas testemuñas.)

[ir ó inicio](#)

A TOPONIMIA

Os Nomes do Instituto

Boa parte do alumnado chámalle Tuto, como abreviatura sinónima do Insti. O IES, instituto de ensino secundario público de Baiona, oficialmente chamado “Primeiro de Marzo”, construíuse dentro da propiedade comunal do monte de Sta. María de Fora de Baiona en 1992. A veciñanza do barrio da Percibilleira, a máis próxima e polo tanto a usuaria directa desta propiedade comunal, é a mellor coñecedora dos nomes desta parte do monte antes da construción do instituto.

Onde se edificou o centro público de ensino secundario: Os Posos -de olleiro, pozo natural, fontes- que lle viría dado “pola ághua que alí había, contra o último edifisio da carretera, non sendo moita. Por baixo, enfrente ó portal da entrada, As Bousas Trighas, non lonxe d’As Cachadiñas. Seguindo carretera abaixo, os campos entre A Roca e A Persibilleira eran os de San Roque”.

Estrada arriba do instituto A do Folle, A Chan da do Folle e A Regheira do Folle. Oposta a esta, A Regheria dos Nove que vai dar seca ó mar un pouco despois da Volta dos Nove, indo para Baredo. Na alta chaira, entre A Roca e o instituto chámase A Corte das Ovellas.

Os mariñeiros de Baiona, incluídos os da Percibilleira, téñenlle nomes ós lugares do mar. O edificio do instituto domina dende o alto a costa entre O Sansón e a Enseada da Bombardeira: Sansón entre os baixíos de Tres Pasos e Rapacarallos, xusto por baixo do Instituto: A Lagariza, A Mediña, As Salgueiras e indo cara á beiramar de Baredo a pedra mais sonada desta parte da costa: A Bombardeira.



Microtoponímia da zona do instituto "Primeiro de Marzo", Baiona.

O PARAISO.

Os Eidos, Baíña.

"Chámase así porque neste lugar había moitos cultivos, boas colleitas, con moito éxito a comparación doutros lugares. Alí ía todo o mundo a contemplar a maravilla da natureza. Toda a xente lle gustaba ir alí porque dicía que coller algún produto de comer e logo facer con el unha sopa ou calquera comida, pois daba boa sorte."

Recollido por José M^a Fernández e Eva Ulbeira.

Traballo escolar IES "Primeiro de Marzo", 4º ESO 2004-2005.

As abrutias.

As abrutias forman cáseque todo o ano parte da paisaxe da Groba. Na primavera inza vizosa e échese de flor polo mes de abril. No vrán a vara enchese de numerosos froitos, e xa como gancio, desprovista deles, permanece ata entrado o inverno.



A abrutia (*Asphodelus Albus*) vai tan ligada á gandeiría que é, por outro nome, a "herba do gando".

En tempos pasados, e cando a pranta estaba xa desenvolta, apañábanselle as follas, levábanse a casa e, secas, dábanselle en presadas ás vacas e, cocidas, ós porcos.

As varas que levan os froitos, os gancios, ensebábanse e púñaselles lume para alumear (no Suido chamábaselle "herba da luz").

As abrutias teñen uns nabiños baixo o chan que, segundo a xente dí, ás veces comen, logo de foza-la terra deixandoa revolta, o xabalí e o teixugo.

Existe o topónimo "As abrutias" na Groba, preto do Alto do Costado.

A TOLLEMERENDAS




Ó final do verán, cando os días xa son curtos, ós traballadores a xornal deixábaselles de leva-la merenda. É nese tempo cando agroma a tollemerendas *Merendera montana* (L) Lange, nome que a xente estende a outra flor semellante e que vai mais ou menos ó mesmo tempo (*Crocus serotinus*). Non é difícil de distinguilas. *M. montana* ten 6 estames e pétalas de 4 a 6,5 mm. de ancho; *C. serotinus* ten 3 estames e pétalas de 5-15 mm. de ancho.

Nos pradelos ben pacidos polo gando, das zonas de acumulación de materia orgánica, como nun xardín silvestre, inza en outono *M. montana* e *C. serotinus*. Na primavera, a partir de Marzo florece nos mesmos sitios outra tollemerendas, *Crocus carpetanus*.

A Groba e A Valga

A palabra “Groba” ten no noso idioma, distintos significados. Leandro Carré tradúcea ó Castelán como “Joroba // Loma.”, o que canxa ben cunha vista frontal dos montes dende o N., por exemplo, dende a Foz do Miñor. Unha grande lomba. Aparenta a “grupa” dun cabalo.



Se recurrimos ó Español, atopamos a palabra “Grueba” co senso de “terra revolta”, o que podería acairlle a algúns lugares da nosa terra con idéntico topónimo, mais non neste caso.

Ata hai pouco, algúns “eruditos” e outras xentes metidas no estudio da toponimia, semella non tiñan moi clara a etimoloxía destes montes (como tantas outras) e, baseándose nos textos de Plinio ou Silio Itálico, facían derivar o nome da Groba dos “Grovi” ou “Groviis”, pobo preromano que algúns autores sitúan nestes paraxes e outros no Grove, atendendo á similitude dos topónimos e características xeográficas coincidentes.

Hoxe en día, os recentes estudos de

toponimia fan deriva-lo topónimo Groba (tamén Grobas e Encrobas), da forma gótica *groba, co significado de “depresión, fondal”, o que cadra ben co noso e con moitos lugares e montes con idénticos topónimos en distintos puntos da nosa terra.

Hai varias “grobas” na Groba e mesmo varios microtopónimos “monte da Groba”, pero sen dúbida, a depresión que debeu dar nome a esta zona é aquela por onde escorre o río Groba dende a Boca da Groba. Outras grobas ou depresións son as formadas polo río da Gabiñeira, dende o Alto da Gabiñeira, que vai morrer ó río Groba; o río Guillade que nace entre o Alto da Groba e o da Gabiñeira; e o regato de Baiña que nace do Alto das

Pías. Cara ó O. , seguindo a mesma liña de falla por onde corre o río Groba, en dirección NL.-SO., outra depresión ben aparente é a do río Broi ou de Viladesuso.

“Valga”, “Valgada”, o mesmo que “Val” e “Valiña”, son tamén depresións. No caso da nosa “Valga”, dende o borde do cantil, o terreo descende dos cincocentos ata unha ampla superficie achairada que apenas sobrepasan os catrocentos metros de altura, sucada polo río da Valga que, dende o alto do castro vai desaugar, en Loureza, no río Carballo ou Tamuxe. O río é a liña de inflexión da chaira, que volta a ascender, caraó L., ata os 465 m. do “Marco do Castelo”.

[ir ó inicio](#)